

Xosé Manuel Beiras, protagonista da homenaxe 'O Escritor na súa Terra' en 2025

O recoñecemento a Beiras terá lugar en Santiago de Compostela.



Xosé Manuel Beiras. (Foto: Arxina)



Redacción 18/set./24

O Consello Directivo da Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega (AELG) vén de ratificar a escolla de [Xosé Manuel Beiras](#) como autor honrado en 2025 co galardón 'O Escritor na súa Terra - Letra E' en 2025, na cidade de Santiago de Compostela.

A AELG xustifica este recoñecemento e destaca, dentro da extensa traxectoria vital de Beiras, a súa faceta como **ensaísta e tradutor**, así como a súa xenerosa colaboración coa Asociación de

Escritoras e Escritores en Lingua Galega, sendo parte do Consello Directivo da Asociación entre 1982 e 1986.

Esta iniciativa anual, que a [AELG](#) iniciou en 1995, cando recoñeceu **Avilés de Taramencos**, en Noia, consolidouse co paso doas anos e conta cunha extensa relación de autoras e autores galardoados.

Tres décadas

A homenaxe 'O Escritor na súa Terra' é xa unha tradición, salienta a entidade, e tense constituído ao longo de case tres décadas "como unha celebración na que a **terra natal ou de acollida** da persoa homenaxeada ten unha presenza fundamental".

"É vontade da AELG honrar escritoras e escritores procurando o contacto directo coa autora e a súa implicación persoal na xornada de homenaxe. Unha **celebración múltiple e popular** en que se vén recoñecendo a entidade literaria de insignes figuras das nosas letras, a través dunha serie de eventos como a entrega do galardón **Letra E** de escritor (unha peza escultórica), a plantación dunha árbore simbólica elixida polo propio autor e a colocación dun monólito conmemorativo".